



A saúde do pezuño e as “tres grandes” causas de coxeira: foco na úlcera plantar

Tres son as lesións principais responsables da maioría das coxeiras nas granxas leiteiras. Estas engloban dous tipos de lesións non infecciosas (úlceras plantares e lesións da liña branca) e unha infecciosa (dermatite dixital), e forman unha tríade habitualmente denominada as “tres grandes”. Neste artigo veremos como podemos previr os problemas de saúde dos pezuños causados polas úlceras plantares e cal é a mellor maneira de tratar as vacas con estas lesións.

Marie-Laure Ocaña

Mánager de Servicios Técnicos Lácteos
Zinpro Corporation

As úlceras plantares carrexan un custo económico significativo como resultado da perda de leite, o menor rendemento reprodutivo, o adelgazamento do animal (que experimenta un maior risco de ser retirado do rabaño e sacrificado por carecer de valor económico), e o custo de substituír a vaca.

Este tipo de lesións caracterízanse pola ulceración da planta na zona 4 (figuras 1 e 2), xeralmente no pezuño lateral das patas traseiras. Rara vez se ven úlceras plantares noutros pezuños. A miúdo, comezan cun hematoma na zona 4. Este hematoma inicial cau-

sa a presión do óso podal ou falanxe distal contra a derme, dende onde se xera tecido córneo novo.

Sempre se creu que as úlceras plantares estaban relacionadas co comportamento, especialmente pasar demasiado tempo de pé e demasiado pouco en posición deitada (<12 horas), sobre todo durante o período de transición, cando o pezuño é máis vulnerable. Esta vulnerabilidade ten que ver coa relaxación de músculos e tendóns, así como coa remodelación do tecido conxuntivo nas horas próximas ao parto. Estas estruturas son as que manteñen o óso podal no seu sitio, dentro da cápsula do pezuño. O movemento excesivo do óso podal dentro da cápsula do pezuño aumenta a presión sobre a derme e o risco de hematomas. Así mesmo, críase que o problema empeoraba en vacas delga-

das ou vacas que sufriran unha diminución excesiva de condición corporal ao principio da lactación, o que provocaba o adelgazamento da almofada dixital, a cal actúa como amortiguador entre o óso podal e a derme.

A hipótese do papel do comportamento na orixe das úlceras plantares tamén se ve reforzada pola maior incidencia de úlceras plantares no outono e principios do inverno, despois das altas temperaturas do verán e o aumento do tempo que os animais pasan de pé.

Non obstante, hai pouco fixose evidente que a inflamación desempeña un papel importante na causalidade das úlceras plantares. A inflamación pode obstaculizar a subministración de sangue á derme e ter un efecto negativo na integridade das fibras do tecido conxuntivo que manteñen o óso podal no seu sitio. Así mesmo, demostrouse que o



Figura 1. Úlcera plantar na zona 4


► A XESTIÓN DO TEMPO, A PROVISIÓN DE CUBÍCULOS CÓMODOS E BEN DESEÑADOS E A APLICACIÓN DE PROTOCOLOS EFICACES DE IDENTIFICACIÓN DE COXEIRAS E RECORTE DE PEZUÑOS SON CLAVE

efecto dun balance enerxético negativo vai máis aló dun simple adelgazamento do colchón dixital; tamén provoca unha redución na subministración de glicosa necesaria para o crecemento dos queratinocitos do pezuño que producen o tecido córneo. A intervención da inflamación na formación das úlceras plantares explica por que as vacas que se enfrontan a problemas como enfermidades, acidose ruminal e trastornos metabólicos teñen un maior risco de presentar úlceras plantares.

MEDIDAS PARA REDUCIR A INCIDENCIA DE ÚLCERAS

Debido á natureza multifactorial da afección, a prevención das úlceras plantares require un tratamento integral. A continuación, enuméranse posibles medidas para reducir a súa incidencia:

Figura 2. Zonas do pezuño



1. Espazo suficiente para tombarse (10 m² por vaca en estabulación libre con cama ou, polo menos, 1 cubículo por vaca).
2. Os cubículos deben ter as dimensións correctas para o peso vivo da vaca e, en condicións ideais, ter unha cama con material solto de máis de 10 cm de espesor. Isto é especialmente importante durante o período de transición.
3. Evite que as vacas pasen demasiado tempo de pé reducindo os tempos de muidura e de espera, e o tempo dedicado a realizar controis das vacas recentemente paridas, ademais de proporcionar un espazo de alimentación adecuado e distribuír a ración de forma eficiente.
4. Estratexias eficaces para combater a calor que alentan as vacas a deitarse cando a temperatura é elevada.
5. Evite a inflamación, que pode ter varias causas como enfermidades, alteración da saúde intestinal e mesmo unha mobilización excesiva de graxa corporal.
6. Asegúrese de que non haxa problemas no período de transición.
7. Realice un recorte funcional dos pezuños regularmente e un recorte terapéutico inmediato a todas as vacas nas que se identifique unha coxeira.
8. Préstelle atención á inxestión dietética e á fonte de oligoelementos para axudar as vacas a controlar a resposta inmunitaria e garantir unha saúde intestinal óptima.

O recorte funcional frecuente dos pezuños é importante, xa que alivia a presión na interface entre o óso podal e a derme na zona 4 do pezuño lateral traseiro. Para as vacas maduras é beneficioso recibir un recorte funcional dúas veces ao ano, 1 mes antes do secado e aos 90-110 días do inicio da

lactación. As xovenas tamén se beneficiarán dun recorte funcional de 8 a 10 semanas antes do parto, pois axudará a reducir a incidencia de úlceras plantares na primeira lactación.

Atender inmediatamente as vacas que mostran signos de coxeira axudará a mellorar o prognóstico das vacas con úlceras plantares obvias ou incipientes. Canto máis tempo se permita que a afección persista e se manifeste, maiores serán as posibilidades de que se produza un dano irreversible no óso podal. A acción correctora inmediata consiste no modelado exhaustivo e a eliminación do tecido necrótico, a aplicación dun bloque no pezuño san e a administración de analxésicos. Ter un cubículo cómodo e ben deseñado tamén mellorará as posibilidades de recuperación do animal.

CONCLUSIÓN

- As úlceras plantares son unha doenza multifactorial e, por tanto, a súa prevención require unha estratexia integral. A xestión do tempo, a provisión de cubículos cómodos e ben deseñados e a aplicación de protocolos eficaces de identificación de coxeiras e recorte de pezuños son clave.
- Un dos factores importantes que contribúe ao control satisfactorio da saúde dos pezuños é o tratamento rápido e eficaz de todas as lesións canto antes, xunto cun programa preventivo que inclúa o uso de Zinpro Performance Minerals®, como Availa® Dairy. ■